

prestacións en materia de seguridade viaria, a cal é avaliable a través da accidentalidade que puidese producirse, seguindo como criterios á hora de analizar os recollidos no deseño preliminar.

Nesta epígrafe deberán incluírse o deseño dos sistemas de monitoraxe que permitan comprobar o correcto funcionamento da infraestrutura en materia de seguridade viaria nesta etapa, así como as medidas que se adoptarán en caso de eventualidades previsibles, incluíndo como referencia os seguintes elementos:

1. Inventario e comportamento da vía segundo predeseño, en especial:

1.1. Cumprimento da función da infraestrutura.

1.2. Efectos previstos sobre a rede.

1.3. Condicionantes do medio físico.

2. Comportamento dos usuarios segundo predeseño, en especial:

2.1. Distribución de tráfico.

2.2. Movementos e itinerarios non permitidos.

2.3. Ordenación e limitación de accesos.

2.4. Correcta segregación de tráfico.

2.5. Información ben recibida e aplicada correctamente polos usuarios.

3. Inventario e comprobación do correcto funcionamento dos elementos establecidos en etapas anteriores, entre outros:

3.1. Estado do firme.

3.2. Funcionamento dos sistemas de drenaxe.

3.3. Correcto mantemento dos elementos de contención.

3.4. Correcto mantemento do valado perimetral.

4. Protocolo de actuación para mantemento e conservación de curta duración: balizamento, iluminación, sinalización... Sinalaranse aqueles puntos da actuación onde estas tarefas de mantemento e conservación poidan ser problemáticas por causas locais: condicionantes atmosféricos, largura dispoñible, visibilidade...

5. Protocolo de actuación para mantemento e conservación de longa duración: estruturas, noiros... Sinalaranse aqueles puntos da actuación onde estas tarefas de mantemento e conservación poidan ser problemáticas por causas locais: condicionantes atmosféricos, largura dispoñible, visibilidade...

6. Plan de revisión dos elementos de sinalización, balizamento..., segundo posta en servizo estimada e recomendacións dos fabricantes.

7. Seguimento da accidentalidade na rede viaria do ámbito cos criterios xa sinalados.

Trátase, en definitiva, de sinalar aqueles aspectos desenvolvidos nas etapas anteriores do anexo de seguridade viaria que requirirán un seguimento especial unha vez posta en servizo a infraestrutura para manter un adecuado nivel de seguridade, indicando como levalo a cabo e con que periodicidade, así como os recursos necesarios.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas, da mellora dos establecementos comerciais e da súa imaxe, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN217A-presentación electrónica).

Actualmente o sector comercial enfróntase a un mercado cada vez máis competitivo, no cal coexisten diversas formas de distribución comercial, que intentan satisfacer as necesidades dun consumidor cada vez máis cualificado.

Neste senso, e considerando a actual situación económica, o Plan Ágora, agora Re-comercia, constitúe un pilar fundamental para o desenvolvemento do comercio retalista en Galicia, tendo como obxectivos principais, entre outros, a mellora da competitividade do comercio galego e a súa dinamización.

Para o cumprimento destes obxectivos, esta orde articula axudas para a adecuación física das instalacións e locais comerciais, incluíndo actuacións que contribúan a un consumo eficiente da enerxía, e á mellora da imaxe comercial.

Por outra banda, poténciase a creación, implantación e expansión das cadeas sucursalistas, así como do comercio retalista do téxtil, calzado e xoiarías, nos conxuntos históricos das poboacións, como elementos dinamizadores do sector e do propio contorno urbano en que se asentán.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión da subvención da Consellería de Economía e Industria, destinadas a incrementar a competitividade do comercio galego, que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita subvención para o ano 2010.

Artigo 2º.-*Solicitudes.*

1. Os formularios de solicitude de subvención regulados nesta orde deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN217A) establecida na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> ou <https://axudasindustria.xunta.es/att>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>, da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN217A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Comercio a través do número de teléfono, do número de fax ou do enderezo de correo electrónico sinalados no artigo 4º. O dito centro directivo adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no DOG exclusivamente para os efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, logo de obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no DOG e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico, en vez de en papel, ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do/a solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os seguintes requisitos:

O/a presentador/a deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e Banesto CA.

Xunto cos formularios de solicitude deberá xuntarse en formato electrónico a documentación a que fai referencia o punto 2 do artigo 4º das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase xuntar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

2. A través do formulario proporciónanse á Consellería de Economía e Industria datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para ese efecto procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e enviando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificio administrativo San Caetano -San Caetano, s/n- 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá atopar na guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases regu-

ladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 4º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN217A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

(<http://economiaeindustria.xunta.es>), a súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) O teléfono 981 54 54 18 e o fax 981 54 55 41 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico cei.dxcomercio@xunta.es

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposicións adicional

Única.-A Dirección Xeral de Comercio poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aquela que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da Administración actuante.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase a directora xeral de Comercio para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas, medidas ambientais e mellora da imaxe dos establecementos comerciais, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime da subvención.*

1. A subvención regulada por estas bases ten por obxecto a mellora da competitividade do comercio galego, a través de actuacións encamiñadas á adecuación física das instalacións e locais comerciais, a mellora da súa imaxe comercial, e medidas para potenciar a creación, implantación e expansión das cadeas sucursalistas, e do comercio retalista do téx-

til, calzado e xoiarías, nos conxuntos históricos das vilas e cidades.

2. O procedemento de concesión desta subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo cal non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

En concreto, considéranse actuacións subvencionables sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2010 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 16º:

1º Reforma e/ou ampliación do local comercial, sempre que a superficie resultante non supere os 300 m², mellora de illamentos e equipamentos e instalacións de aforro de enerxía e auga. Esta limitación de superficie non será aplicable a aqueles establecementos comerciais que soliciten a axuda para as actividades comprendidas dentro do código CNAE-2009 4759 Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados.

2º Medidas orientadas á mellora da imaxe dos establecementos comerciais, que afecten os puntos de venda, que a continuación se describen:

a) A contratación de servizos exteriores de escaparatismo.

b) Instalación de letreiros luminosos e rótulos exteriores.

c) Adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial, con exclusión do equipamento informático.

3º A creación, implantación e expansión de cadeas sucursalistas de comercio retalista, así como de establecementos comerciais do téxtil, calzado e xoiarías, en locais desocupados de conxuntos históricos de poboacións que estivesen declarados e inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, nos termos que establece a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

4. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.03.751A 770.1 Renovación e fomento da calidade no comercio retalista, cun importe máximo de 1.850.000 euros para o ano 2010, sen prexuízo de ulteriores variacións producidas

como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 9º.

2. Investimentos máximos subvencionables e contía das subvencións:

a) Para as actuacións relativas á reforma e/ou ampliación do local comercial, recollidas no artigo 1.3º, punto 1º), destas bases o investimento máximo subvencionable será de 20.000 euros, IVE excluído.

A porcentaxe de subvención será do 70% do investimento subvencionable.

b) Para as actuacións relativas ás medidas de mellora da imaxe comercial recollidas no artigo 1.3º, punto 2º), destas bases, o investimento máximo subvencionable será de 12.000 euros, IVE excluído.

A porcentaxe de subvención será do 50% do investimento subvencionable.

c) Para as actuacións relativas á creación, implantación e expansión de cadeas sucursalistas, recollidas no artigo 1.3º, punto 3º), destas bases o investimento máximo subvencionable será de 20.000 euros, IVE excluído.

A porcentaxe de subvención será do 50% do investimento subvencionable.

3. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable.

4. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións das actuacións subvencionables sinaladas no artigo 1.3º puntos 1º) e 2º), sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma.

b) Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de vinte (20) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

c) Que a súa actividade principal se corresponda coas actividades do CNAE-2009 aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, que se relacionan no anexo VII. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis actividades do CNAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e, se non é posible determinalo, atenderase á superficie de venda destinada a cada actividade.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións das actuacións subvencionables sinaladas no artigo 1.3º apartado 3º), sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases:

1º Os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma.

b) Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de vinte (20) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

c) Que a súa principal actividade se corresponda coas do CNAE-2009 aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, que se relacionan no anexo VII, códigos 4771 comercio polo miúdo de roupa de vestir en establecementos especializados, 4772 comercio polo miúdo de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados e 4777 comercio polo miúdo de artigos de relojaría e xoiaría en establecementos especializados. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis actividades do CNAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e, se non é posible determinalo, atenderase á superficie de venda destinada a cada actividade.

d) Que se instalen en locais desocupados de conxuntos históricos de poboacións de Galicia.

2º As cadeas sucursalistas de comercio retalista que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma.

b) Que a súa actividade principal se corresponda coas actividades do CNAE-2009 aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, que se relacionan no anexo VII. No caso de que o solicitante estea dado de alta en dúas ou máis actividades do CNAE, entenderase como actividade principal aquela que comporte a maior facturación e, se non é posible determinalo, atenderase á superficie de venda destinada a cada actividade.

c) Que se instalen en locais desocupados de conxuntos históricos de poboacións de Galicia.

3. Enténdese que constitúen unha cadea sucursalista aqueles establecementos comerciais que sexan de titularidade dunha mesma persoa física ou xurídica ou que estean integrados no mesmo grupo de empresas por constituír unha unidade de decisión nos termos fixados no artigo 42 do Código de comercio.

4. Enténdese por conxunto histórico aquel que estea declarado e inscrito como tal no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, nos termos que establece a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

5. Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da subvención deberán presentarse no modelo normalizado que figura no anexo a esta orde na forma e no prazo que se indican na convocatoria.

2. A solicitude debera ir acompañada do orixinal ou copia compulsada da documentación que a continuación se relaciona:

1º Documentación que acredite a personalidade ou a identidade do solicitante, xa que pode ser necesaria para dala de alta no ficheiro de terceiros da Xunta de Galicia, se resulta beneficiaria da subvención solicitada.

a) Se é unha persoa física, copia compulsada do documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro.

Alternativamente, de acordo co disposto no artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, a persoa solicitante poderá dar o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal, unha vez que estea dispoñible o mecanismo, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia. Para estes efectos, a persoa solicitante poderá cubrir a declaración que figura no modelo normalizado de solicitude.

No caso de non prestar o seu consentimento, a persoa solicitante deberá presentar fotocopia compulsada do documento mencionado no primeiro parágrafo.

Se a persoa solicitante actúa por medio de representante, documento acreditativo da súa identidade, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores desta alínea a), así como poder bastante para actuar en nome e representación dela.

b) No caso de persoa xurídica, acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados, así

como o código de identificación fiscal. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

Así mesmo, achegárase a documentación acreditativa da identidade da persoa que asina a solicitude na súa representación, nos termos establecidos no punto anterior, e poder bastante para actuar como representante dela.

c) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, o código de identificación fiscal, así como a escritura de constitución.

Deberán constar expresamente, na solicitude e na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberá nomearse un representante único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden a agrupación. Non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

2º Se é o caso, documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da que non existen traballadores.

3º Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta o solicitante. No caso de apertura de establecemento, e de non ter no momento da solicitude a dita certificación, presentarase copia do modelo 036 de declaración censual, de data anterior a do límite de presentación da solicitude de subvención.

4º Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto de sociedades do último exercicio; neste último caso, se o solicitante está dado de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, deberá acreditar que a súa actividade principal é subvencionable, segundo os datos de facturación ou, no seu defecto, de superficie de venda.

5º Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e declaración en réxime *de minimis*, segundo modelo normalizado establecido no anexo III desta orde.

6º Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade

Social e a Consellería de Facenda, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

7º Declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo se establece no anexo III desta orde.

8º Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluírá, polo menos, a súa descrición e obxectivos.

No caso das actuacións comprendidas no punto 1.3º punto 1º de reforma e/ou ampliación do local comercial deberá presentarse, unha memoria valorada asinada por un técnico competente, con detalle no nivel de capítulo, das actuacións que se pretenden executar.

Se o importe do investimento das obras supera os 18.000 euros, a presentación desta memoria poderá ser substituída por un proxecto técnico visado, o cal deberá ser presentado necesariamente na fase de xustificación da subvención. Así mesmo, para as actuacións de aforro de enerxía a través dos novos equipamentos e instalacións, a presentación da solicitude deberá vir acompañada dunha memoria técnica elaborada polo provedor ou técnico competente, xustificativa do baixo consumo do novo equipamento eléctrico que se vai instalar.

En todo caso, a memoria incluírá documentos gráficos das partes específicas que se van reformar.

9º Facturas ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades ou adquisicións para as cales se solicita subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel. A relación nominativa de facturas presentárase segundo a folla 2 do anexo II.

Segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á

contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, ou salvo que o gasto realizárase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse coa solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados polo solicitante para a realización do proxecto.

c) Memoria economicamente xustificativa da elección dos provedores, cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante, salvo cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta economicamente máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

As ofertas presentadas e os provedores elixidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de ser beneficiario da axuda. Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos cales non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

10º Se é o caso, título de propiedade, cesión ou doazón, ou ben copia do contrato de aluguer ou traspaso a nome do solicitante. Se nos documentos presentados non se indica expresamente a posibilidade de que se poidan realizar reformas no local, deberá achegarse autorización expresa do propietario para realizar reformas nel. En todo caso, debe cumprirse co sinalado no artigo 15.2º.

3. Sen prexuízo do establecido no punto 2, no caso das actuacións subvencionables sinaladas no artigo 1.3º, punto 3º, creación, implantación e expansión de cadeas sucursalistas e de establecementos de comercio retailista, de téxtil, calzado e xoiarías en locais desocupados de conxuntos históricos, deberá achegarse a seguinte documentación:

1º Certificado expedido polo concello correspondente que acredite que o domicilio do local esta incluído no ámbito territorial do conxunto histórico

da poboación declarado e inscrito no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

2º Licenza de apertura de establecementos ou equivalente, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local, e/ou, no seu caso, licenza de obras. Estas licenzas poderán ser substituídas por un certificado da autorización para o exercicio da actividade comercial, expedido polo concello correspondente.

4. Ademais disto, se é o caso, para os efectos sinalados no artigo 9º destas bases, achegarase a seguinte documentación:

1º Certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto.

2º Certificado expedido polo órgano competente de pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.

3º Se é o caso, declaración de compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega en campañas publicitarias, elementos promocionais e na sinalización interior e exterior do establecemento comercial (anexo V).

4º Certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que o solicitante posúe medios de pagamento electrónicos.

5º Solicitud de oferta pública de sometemento ao sistema arbitral de consumo.

6º Certificación de calidade do servizo para o pequeno comercio segundo a norma UNE 175001-1.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitud implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitud de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitud, e deberá presentar entón as certificacións ás cales fai referencia este punto.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios de solicitud o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se se constata a súa invalidez, o órgano competente pode-

rá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta en poder da consellería, a presentación da solicitud implica a autorización ao órgano instructor para acceder a esa documentación.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitud leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitud non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.1 resulta que non pode acreditarse que a persoa solicitante se encontra ao día do pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou no suposto de

que sexa necesario presentar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da devandita lei.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse a persoa solicitante para que proporcione cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

1º Presidente: un/unha xefe/a de servizo.

2º Vocal: un/unha xefe/a de sección.

3º Secretario: un/unha técnico da Dirección Xeral de Comercio.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre de se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencio-

nados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

1. Os criterios de avaliación, que servirán de base para a determinación da concesión da subvención, serán os seguintes:

1º A calidade do proxecto e coherencia na súa estrutura, a adecuación dos obxectivos e a necesidade da actuación que se vai subvencionar, de 0 a 10 puntos.

2º Certificación de calidade do servizo para o pequeno comercio segundo a norma UNE 175001-1, 3 puntos.

3º Posta á disposición dos clientes de medios de pagamento electrónicos, 1 punto.

4º Adhesión ao sistema arbitral de consumo, 1 punto.

5º Por pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios ou por estar integrado nun centro comercial aberto, 1 punto.

6º O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables, que se acreditará mediante a presentación, debidamente asinada, do modelo que se inclúe como anexo V, 1 punto.

7º Solicitudade presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria, 1 punto.

2. Para acadar a subvención será necesario obter unha puntuación igual o maior de 9 puntos.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a

subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, os/as beneficiarios/as, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* poderá remitirse aos/as beneficiarios/as a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa indicación de que os/as non beneficiarios/as consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1º Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2º Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, cumpríndose, en todo caso, os seguintes requisitos:

1º Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

2º Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

3º Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía e Industria xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 10º destas bases.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, desde ese momento, adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Son obrigas do beneficiario:

1º Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3º Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas obtidas por *minimis*, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1º.2 destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5º Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que se está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6º Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7º Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8º Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Xunta de Galicia a través da

Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda Proxecto cofinanciado, co escudo normalizado da Xunta de Galicia.

Para dar cumprimento á publicidade do cofinanciamento, seguiranse as instrucións que se recollen no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> no seu enlace axudas Consellería de Economía e Industria e dentro deste no sitio dedicado ao procedemento IN217A.

9º Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da dita lei.

2. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, a persoa beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un período mínimo de cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público ou de dous anos para o resto de bens.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. O pagamento da subvención quedará condicionada á presentación, nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria e ata o 30 de novembro de 2010, do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Xuntarase relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento (especificarase, se é o caso, o tipo de cambio aplicado), seguindo o modelo que figura como anexo VI.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

c) No caso dos solicitantes das subvencións que supoñan a realización de obras presentará, cando o importe do investimento supere os 12.000 euros presentarse a memoria de fin de obra asinada por un técnico competente.

d) Fotografías das zonas reformadas que amosen as obras realizadas obxecto da subvención e serán tomadas desde o mesmo ángulo desde o que se realizaron as remitidas coa solicitude.

e) Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e declaración en réxime *de minimis*, segundo modelo normalizado establecido no anexo III desta orde.

f) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

g) Declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

h) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o NIF da entidade subvencionada, así como o código do banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente.

i) Certificación expedida pola AEAT, na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta o solicitante, no caso de que no seu lugar e coa solicitude de subvención preséntase o modelo 036 de declaración censual.

2. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O importe anual das subvencións aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

3. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, sempre que se xustifique un mínimo do 40% do importe establecido na resolución de concesión.

4. En caso de concorrer con outras axudas aplicárase o establecido no artigo 2º.3.

Artigo 18º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio

ANEXO II (folla 1)



XACOBEO 2010
Galicia

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA CREACIÓN E EXPANSIÓN DE CADEAS SUCURSALISTAS, DA MELLORA DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E DA SÚA IMAXE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN217A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	EPIGRAFE IAE
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL ONDE SE SITUÁN OS INVESTIMENTOS (CAMPOS OBRIGATORIOS)

ENDEREZO			
PROVINCIA	CONCELLO	M ² SUPERFICIE COMERCIAL	IMPORTE TOTAL DO PROXECTO
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR			

E, na súa representación legal

APELIDOS	NOME	DNI	CARGO
----------	------	-----	-------

DOCUMENTACIÓN QUE O/A SOLICITANTE PRESENTA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA (segundo o artigo 4º das bases reguladoras)

	TELEMÁ-TICA	PRESEN-CIAL	CÓD. PROC.	ANO
- Documentación acreditativa da personalidade ou entidade do/a solicitante (DNI e/ou CIF) e, se é o caso, acreditación da representación en que se actúa.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Copia da escritura de constitución e modificacións posteriores, no caso de ser unha sociedade.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Documentación acreditativa do número total de traballadores/as da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores/as.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria en que consten as epígrafes do IAE nas que figura de alta o/a solicitante.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Copia do IRPF o, se é o caso, do imposto de sociedades do último exercicio, neste último caso se o solicitante está dado de alta en dúas ou máis epígrafes deberá acreditar que a súa actividade principal é subvencionable segundo datos de facturación ou no seu defecto de superficie de venda.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras subvencións, de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, declaración en réxime <i>de minimis</i> e declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o anexo III.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificados acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Memoria explicativa de cada unha das actividades, incluíndo descrición e obxectivos, acompañada, se fose o caso, polo proxecto técnico, nos termos do artigo 4.2º.8.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Facturas, orzamento detallado de gastos previstos e/ou facturas proforma.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Se é o caso, documentos que acrediten que o/a solicitante é propietario/a do local comercial ou, se é o caso, copia do contrato de aluguer, traspaso, cesión, etc., en que se indique expresamente a posibilidade de que se poidan realizar reformas no local, ou ben autorización expresa da/do propietaria/ou para realizar reformas non local.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificado expedido polo concello que acredite que o domicilio do local está incluído no ámbito territorial do núcleo histórico da poboación catalogada e inscrita no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Licenza de apertura do local ou equivalente.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que o/a solicitante posúe medios de pagamento electrónicos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Solicitude de oferta pública de sometemento ao sistema arbitral de consumo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificado de estar integrado/a nun centro comercial aberto ou de pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Declaración de compromiso de utilización da lingua galega.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
- Certificación de calidade do servizo para o pequeno comercio segundo a norma UNE175001-1.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		

Autorizo a Dirección Xeral de Comercio a:

- Consultar os meus datos persoais a través dos sistemas de verificación de datos de identidade (artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos). SI NON
- Obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. SI NON
- De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, publique as axudas concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente: SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (a dirección figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas, da mellora dos establecementos comerciais e da súa imaxe, en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re-comercia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (Código de procedemento IN217A-presentación electrónica).

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



ANEXO II (folla 2)

- Breve descripción do investimento (campos obrigatorios).
- Este resumo non substitúe a memoria que deberá presentar o/a solicitante.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES (CAMPOS OBRIGATORIOS)

ACTUACIÓN (especificar tipo segundo art. 1.3º das bases reguladoras)	DESCRIPCIÓN DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS (débense corresponder cos tipos especificados na columna anterior)	PROVEDOR	IMPORTE (SEN IVE)
INVESTIMENTO TOTAL			



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



XACOBEO 2010
 Galicia

ANEXO III

DECLARACIÓN DE SUBVENCIÓNS OU DOUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE, DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO/A NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA E DECLARACION EXPRESA DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DE OBRIGAS POR REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

D/D.^a , con NIF
 en calidade de comparece en representación de
, con CIF

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, DECLARA o seguinte (sinalar cun X o que proceda):

1) Axudas solicitadas e/ou concedidas non suxeitas ao réxime de *minimis*.

- Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
 Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude.

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2) Axudas solicitadas e/ou concedidas suxeitas ao réxime de *minimis* nos anos 2008-2009-2010.

- Non ter solicitado outras axudas suxeitas ao réxime de *minimis* para o proxecto obxecto da solicitude.
 Ter solicitado axudas suxeitas ao réxime de *minimis* dos organismos que se mencionan a continuación para o obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométoe a comunicarlle á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade e esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Igualmente, declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Finalmente, declaro baixo a miña responsabilidade estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2º f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso

, de de

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA
Dirección General de Comercio

**ANEXO IV****MODELO DE RENUNCIA**

D/D.ª , con DNI

actuando en nome e representación da entidade

con CIF que ten o seu enderezo en

MANIFESTA:

Que o día de de (incluírase o texto "publicouse no *Diario Oficial de Galicia*" no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións destas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do , pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da creación e expansión de cadeas sucursalistas, da mellora dos establecementos comerciais e da súa imaxe, en desenvolvemento do Plan de Ágora, agora Re-comercia, con código de procedemento IN217A, para o proxecto

, por unha coantía de euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A causa da renuncia á subvención concedida é a seguinte:

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da empresa)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

**ANEXO V****DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 9 DAS BASES REGULADORAS**

D/D.ª , con DNI

en calidade de , comparece en representación de

, con CIF

DECLARO (sinalar cun X o que proceda):

O compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega, polo menos, en campañas publicitarias, elementos promocionais e sinalización interior e exterior do establecemento comercial.

O compromiso de utilización da lingua galega, polo menos, en todas as relacións que o/a interesado/a manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido en el artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____, de _____ de _____

(Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Comercio



ANEXO VI

PROCEDEMENTO IN217A 2010/

SOLICITANTE

CIF

RELACIÓN DE FACTURAS XUSTIFICATIVAS DO INVESTIMENTO REALIZADO E DA AXUDA SOLICITADA

DATA FACTURA	PROVEDOR	CONCEPTO	IMPORTE (SEN IVE)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
INVESTIMENTO TOTAL			<input type="text"/>

, de de

Asdo.:

Se non dispón de suficiente espazo, faga unha relación en folla á parte.

ANEXO VII
Códigos CNAE-2009

4511 Venda de automóbiles e vehículos de motor lixeiros.

4519 Venda doutros vehículos de motor.

4532 Comercio polo miúdo de recambios e accesorios de vehículos de motor.

4540 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e do seus recambios e accesorios.

4711 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco.

4719 Outro comercio polo miúdo en establecementos non especializados.

4721 Comercio polo miúdo de froitas e hortalizas en establecementos especializados.

4722 Comercio polo miúdo de carne e produtos cárnicos en establecementos especializados.

4723 Comercio polo miúdo de peixes e mariscos en establecementos especializados.

4724 Comercio polo miúdo de pan e produtos de panadaría, confeitaría e pastelería en establecementos especializados.

4725 Comercio polo miúdo de bebidas en establecementos especializados.

4729 Outro comercio polo miúdo de produtos alimenticios en establecementos especializados.

4774 Comercio polo miúdo de artigos médicos e ortopédicos en establecementos especializados.

4775 Comercio polo miúdo de produtos cosméticos e hixiénicos en establecementos especializados.

4751 Comercio polo miúdo de téxtiles en establecementos especializados.

4771 Comercio polo miúdo de roupa de vestir en establecementos especializados.

4772 Comercio polo miúdo de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados.

4753 Comercio polo miúdo de alfombras, moquetas e revestimentos de paredes e solos en establecementos especializados.

4759 Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados.

4742 Comercio polo miúdo de equipamentos de telecomunicacións en establecementos especializados.

4743 Comercio polo miúdo de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados.

4754 Comercio polo miúdo de aparellos electrodomésticos en establecementos especializados.

4763 Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados.

4752 Comercio polo miúdo de ferraxaría, pintura e vidro en establecementos especializados.

4761 Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados.

4762 Comercio polo miúdo de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados.

4778 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados.

4777 Comercio polo miúdo de artigos de relojaría e xoiaría en establecementos especializados.

4764 Comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados.

4765 Comercio polo miúdo de xogos e xoguetes en establecementos especializados.

4753 Comercio polo miúdo de alfombras, moquetas e revestimentos de paredes e solos en establecementos especializados.

4776 Comercio polo miúdo de flores, plantas, sementes, fertilizantes, animais de compañía e ali-

mentos para estes en establecementos especializados.

4778 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados.

4719 Outro comercio polo miúdo en establecementos non especializados.

4741 Comercio polo miúdo de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados.

4742 Comercio polo miúdo de equipamentos de telecomunicacións en establecementos especializados.

4778 Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados.

4779 Comercio polo miúdo de artigos de segunda man en establecementos especializados.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece, no seu capítulo I do título II, relativo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei. Así mesmo, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, consecuente coa referida lexislación, asinou o 14 de maio de 2008, o acordo coas organizacións patronais e sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre condicións laborais para os anos 2008, 2009 e 2010, e a calidade do ensino; acordo que foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de abril de 2008, e publicado no DOG nº 104, do 30 de maio.

Por outro lado, o Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos, publicado no DOG do